

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 15 de outubro de 2024, adoptou os seguintes acordos:

## **PUNTO 2.º- COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **4. Administración do Parlamento de Galicia**

#### **4.1. Asuntos económicos e contratación**

**Nomeamento dun substituto dun dos membros que formarán parte do Comité de Expertos encargado da avaliación técnica das ofertas para a contratación administrativa dos servizos para a xestión dos sistemas de información do Parlamento de Galicia.**

**I.** Con data de 7 de outubro de 2024, a Mesa do Parlamento acorda nomear os membros que formarán parte do Comité de Expertos, encargado da avaliación técnica das ofertas contidas no Sobre B do expediente de contratación STI-PA 4/2024, segundo a proposta achegada pola AMTEGA. Sendo nomeados no antedito acordo as seguintes persoas:

- José Andrés Freire Dapena, Xefe do Departamento de Medios e Capacitación Dixital.
- Javier Páez González, Xefe do Departamento de Conectividade e Inclusión Dixital.
- Manuel Nuñez Méndez, Operador Ordenador do Departamento de Información e Xestión do Dato.

**II.** Con data de 14 de outubro, un dos expertos nomeados, Javier Páez González, comunica ao Servizo de Persoal e Réxime Interior do Parlamento de Galicia que se atopa en situación de baixa laboral.

**III.** Para a formación do Comité de Expertos, o artigo 146.2.a) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, establece que debe contar “cun mínimo de tres membros”.

**IV.** É por este motivo, que con data de 14 de outubro, solicítaselle a AMTEGA a designación dun técnico como substituto de Javier Páez González.

**V.** Con data de 14 de outubro, dende a AMTEGA remítese designación da antedita persoa substituta, proponendo ó seguinte experto:

- Jaime Vázquez Oliván, Enxeñeiro F.F, Departamento de Innovación Dixital e Intelixencia Artificial

Intervención e Asuntos Económicos  
Servizo de Persoal e Réxime Interior



**VI.** En consecuencia, cumpridos os trámites legais e regulamentarios, a Mesa adopta o seguinte acordo:

1. Nomear como substituto de Javier Páez González, para integrar este Comité de Expertos, á seguinte persoa designada pola AMTEGA:

- Jaime Vázquez Oliván, Enxeñeiro F.F, Departamento de Innovación Dixital e Intelixencia Artificial.

2. Remitir dito nomeamento á Mesa de Contratación do Parlamento de Galicia para que esta, conforme a súas competencias, adopte as resolucións que considere oportunas.

3. Comunicarlles este acordo á Intervención e Asuntos Económicos e ao Servizo de Persoal e Réxime Interior.

4. Publicar este Acordo no perfil de contratante do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2024

Xosé Antón  
Sarmiento Mendez,  
Letrado Oficial Maior

Firmado digitalmente por Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior  
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior, email=xsarmiento@parlamentodegalicia.gal  
Fecha: 2024.10.16 17:04:45 +02'00'

Xosé Antón Sarmiento Méndez  
Letrado oficial maior

Intervención e Asuntos Económicos  
Servizo de Persoal e Réxime Interior



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL SAÍDA**  
**Data asento: 16/10/2024 18:13:33**  
**Nº Rexistro: 3303**  
Data envío: 16/10/2024 18:13:33,764

Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior na data 16/10/2024 17:04:45

CSV: REXISTRO-sk4y6jWd0-0  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

